

Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS
Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO
DE EMPREGO "FORESTA LALÍN"*

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALÍN"

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2019, as axudas municipais, a través de incentivos á contratación temporal, por conta allea, do alumnado do Obradoiro de Emprego "FORESTA LALÍN". Este programa de axudas ten a finalidade de colaborar e promover a inserción laboral das persoas participantes no Obradoiro de Emprego "FORESTA LALÍN".

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto das subvencións reguladas nas presentes bases é a concesión de axudas económicas a persoas empregadoras e ás empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, como estímulo á empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro de Emprego "FORESTA LALÍN", financiado a través da convocatoria 2018 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, ao disposto no artigo 15 da Orde do 4 de maio de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia así como na Base 27 e 28 de Execución do Orzamento do Concello, para o exercicio 2019, e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de

Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Real Decreto Lei 5/2018, de 27 de Xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea, en materia de protección de datos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VCL3W6AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

Convócanse axudas polo importe que seguidamente se relaciona, e con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	MPORTE GLOBAL	IMPORTE
0.2418.47001	Incentivos á contratación allea do alumnado do Obradoiro de Emprego FORESTA LALÍN	12.000 €

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na páxina web municipal (www.lalin.gal) e remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

SEGUNDA. ENTIDADES BENEFICIARIAS DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexan a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no Obradoiro de Emprego “FORESTA LALÍN”, e que contraten persoas traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Lalín

As accións formativas impartidas no Obradoiro de Emprego “FORESTA LALIN” son:

- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas: AGAR 0208
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes: AGAR 0309

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias desta axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas, mediante sentenza firma, á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio, estar suxeitas á intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

c) Dar lugar, por causa da que foran declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantiles, ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei Xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderá obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursoas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto na artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme, en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bos do texto refundido da Lei de infraccións e sanción na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

Os puntos 3 e 4 poderán acreditarse mediante declaración xurada, incluída, como anexo, a estas bases.

TERCEIRA. CONTÍA DOS INCENTIVOS E NÚMERO DE CONTRATOS

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. O numero de contratos a subvencionar, segundo o estipulado no artigo 15 da Orde do 4 de maio de 2018, reguladoras destas axudas, será de 8, por tratarse do número de persoas que, no momento da solicitude do Obradoiro de Emprego "FORESTA LALIN" presentaron un compromiso de acollerse a esta liña de axudas.



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

3. A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego “FORESTA LALÍN”, sendo a data de finalización deste o 22/08/2019.

4. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención.

CUARTA. EXCLUSIÓN

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais, de carácter especial, previstas no artigo 2.1 do Real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, pro consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revisan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadores que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da comisión, de 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

QUINTA. PRAZOS E SOLICITUDES

1, As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

2, As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia cotexada:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, (incluída no anexo I).
- c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, (incluída no anexo I).

SEXTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias da subvención deberán cumprir coas seguintes obrigas:

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro dual de emprego “FORESTA LALÍN” (“REPOBOACIÓN FORESTAL E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS -AGAR0208-” ou con “ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES -AGAR 0309-”).

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderalle á entidade promotora do Obradoiro dual de emprego “FORESTA LALÍN” levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VCL3W6AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

SÉTIMA. COMPETENCIA. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN

1. A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do Departamento de Emprego que realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

Presidente: A concelleira de Comercio, Promoción Económica e Emprego, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.

Secretario/a: O Secretario da Corporación, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.

3 Vogais: A Concelleira Delegada de Facenda, ou persoa en quen delegue ou o substitúa, e 2 técnicos municipais, preferentemente do departamento de emprego.

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos nas bases, e elaborará unha acta na que se emita informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e da acta da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

As propostas de resolución deberán expresar:

Relación de solicitudes presentadas, especificando os criterios seguidos, xunto coa súa valoración.

No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

NOVENA. RESOLUCIÓN E RECURSOS

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas. O órgano resolutorio é a Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

2. O prazo para resolver e notificar é de dous meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTOS

1. No prazo de 15 días desde que se formalicen os contratos subvencionados, a empresa deberá achegar ao Concello a seguinte documentación:

- a) Copia dos contratos laborais formalizados.
- b) Xustificantes de alta na Seguridade Social dos traballadores.

2. Unha vez transcorrido o período de 3 meses desde que se iniciaron os contratos, deberá presentarse a xustificación por parte da entidade beneficiaria no prazo máximo de 10 días, debendo incluír os seguintes documentos:

a) Formulario de xustificación e solicitude de pago (anexo II), que inclúe Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

b) Informe de vida laboral do código de conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.

3. Tras a resolución de concesión, a XGL, a proposta da/do Concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigacións correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pago da axuda. O pago efectuarase nunha soa vez, despois de aprobada a xustificación referida.

4. Nos casos de que a empresa se comprometese a unha contratación superior a 3 meses, unha vez finalizado o período contratado deberá achegar ademais, no prazo de 20 días desde a finalización, un novo informe de vida laboral no que se acredite a efectiva contratación durante o período comprometido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

5. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, con data límite do 30 de novembro de 2019, a condición de que sexa solicitado polo interesado con 5 días hábiles de antelación á finalización do prazo de xustificación. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

6. Non poderá realizarse o pago da subvención en canto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Lalín ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

DÉCIMO PRIMEIRA. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

DÉCIMO TERCEIRA. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Co obxecto de proceder á selección de alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego FORESTA LALÍN que poidan participar nesta convocatoria de axudas sendo os derradeiros beneficiarios das 8 contratacións obxecto da presente convocatoria, ao remate do Obradoiro de Emprego, a dirección do centro emitirá un informe no que se relacione a puntuación obtida por cada alumno traballador durante o desenvolvemento do proxecto, para desta maneira seguir este orde de prelación á hora de asignar os traballadores ás empresas. No caso de empate nas puntuacións e sexa necesario desempatar para asignar un traballador a unha empresa realizárase un sorteo público.

Os alumnos traballadores deberán expresar a súa conformidade en participar neste programa de axudas, mediante a solicitude que figura como anexo ás presentes bases.

José Crespo Iglesias

Alcalde de Lalín.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

ANEXO I**INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO
OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALÍN"****SOLICITUDE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZON SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio valido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE:			
		ELECTRÓNICA	POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO			

ENDEREZO POSTAL		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO

DATOS BANCARIOS:

TITULAR DA CONTA						
IBAN						

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W6AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

SUBVENCIÓN SOLICITADA:

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOA/S ALUMNA/S DO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALÍN", A XORNADA COMPLETA, POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, DA ESPECIALIDADE DE:

____ **REPOBOACIÓN FORESTAL E TRATAMENTOS SILVÍCOLAS.**

____ **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES.**

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

___ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.

___ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis

___ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis

___ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

1. Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
2. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de _____
3. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.
- 4.



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

5. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
7. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento dos obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- _____ DNI/NIE da persoa representante
- _____ NIF da entidade solicitante
- _____ Poder para actuar en nome da entidade
- _____ Certificación bancaria do número de conta

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

PROTECCIÓN DE DATOS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE: CONCELLO DE LALÍN;**FINALIDADE E LEXITIMACIÓN:** Prestación do o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada do mesmo, en cumprimento dos requisitos legais pertinentes;**DESTINATARIOS:** Non se cederán datos a terceiros, salvo os necesarios a empregados e ós encargados do tratamento a prestación dos servizos e/ou por obrigacións legais;**CONSERVACIÓN:** Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados;**DEREITOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimento en calquera momento. Para tramitar os seus dereitos e solicitar información adicional deberá acudir a Praza de Galicia, 1, 36500, Lalín ou acceder a www.lalin.sedelectronica.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego "FORESTA LALÍN".

Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.(DOG núm. 97, do 23 de maio de 2018)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W6AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

ANEXO II**INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO
OBRADOIRO DE EMPREGO "FORESTA LALÍN"****XUSTIFICACIÓN**

SOLICITANTE

RAZON SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio valido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

___ Non ter solicitado ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

___ Ter concedido ou solicitado outras axudas para a mesma finalidade:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que en relación coas axudas de minimis

___ Non ter solicitado ou concedida ningunha outra axuda de minimis.

___ Ter concedido ou solicitado outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que o incremento do emprego neto da empresa respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación foi de:_____

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

____ Copias dos contratos de traballo obxecto da subvención

____ Alta e baixa na Seguridade social

____ Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e coa Admon. Pública da comunidade Autónoma

PROTECCIÓN DE DATOS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)**RESPONSABLE:** CONCELLO DE LALÍN;**FINALIDADE E LEXITIMACIÓN:** Prestación do o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada do mesmo, en cumprimento dos requisitos legais pertinentes;**DESTINATARIOS:** Non se cederán datos a terceiros, salvo os necesarios a empregados e ós encargados do tratamento a prestación dos servizos e/ou por obrigacións legais;**CONSERVACIÓN:** Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados;**DEREITOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimento en calquera momento. Para tramitar os seus dereitos e solicitar información adicional deberá acudir a Praza de Galicia, 1, 36500, Lalín ou acceder a www.lalin.sedelectronica.gal

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W6AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

ANEXO III

**SOLICITUDE ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO FORESTA LALÍN
NO PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO
ALUMNADO DO OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DO CONCELLO DE LALÍN**

**SOLICITUDE
PARTICIPACIÓN
ALUMNADO**

SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		NIF
ENDEREZO		
COD POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DECLARO

Que en relación co programa de incentivos á contratación temporal por conta allea para alumnado do Obradoiro de Emprego FORESTA LALÍN :

SOLICITA poder participar no proceso de selección de traballadores/as que participen no programa de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego FORESTA LALÍN

RENUNCIA a participar no citado proceso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W06AK8123FRX



Martes, 13 de agosto de 2019

Núm. 154

PROTECCIÓN DE DATOS (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)**RESPONSABLE:** CONCELLO DE LALÍN;**FINALIDADE E LEXITIMACIÓN:** Prestación do o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada do mesmo, en cumprimento dos requisitos legais pertinentes;**DESTINATARIOS:** Non se cederán datos a terceiros, salvo os necesarios a empregados e ós encargados do tratamento a prestación dos servizos e/ou por obrigacións legais;**CONSERVACIÓN:** Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados;**DEREITOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimento en calquera momento. Para tramitar os seus dereitos e solicitar información adicional deberá acudir a Praza de Galicia, 1, 36500, Lalín ou acceder a www.lalin.sedelectronica.gal**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VCL3W06AK8123FRX